

### **CIRCULAR 39-2015**

- A todas as Delegacións (\*)
- A todos os assembleistas

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

### **CAMPIONATO DE GALICIA CADETE DE PISTA AIRE LIBRE CAMPIONATO DE GALICIA XUVENIL, JUNIOR E PROMESA DE MARCHA EN PISTA**

Pontevedra, 30 de Maio do 2015

**Art.1)** A Delegación da F.G.A en Pontevedra organizará o Campionato de Galicia Cadete de pista ao aire libre que terá lugar nas Pistas do CGTD de Pontevedra o vindeiro sábado **día 30 de Maio** do 2015, en xornada de mañá e tarde.

**Art.2)** Poderán participar todos atletas nados nos anos 2000 e 2001 que acrediten as marcas mínimas esixidas e que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo da tempada actual (2014/15) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertenzan a Clubes de outras CCAA.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

**Art.3)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 26 de maio do 2015.**

**Art.4)** Os atletas deberán confirmar a súa participación ata 45 minutos antes do comezo da proba, según o horario indicado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

**Art.5)** Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

**Art.6)** Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, por diante, agás na pértiga, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

**Art.7)** Durante o transcurso do Campionato, un atleta pode ser excluído de participar nunha ou varias probas no caso de que se clasificara nas eliminatorias,



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -  
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>  
- 15008 - A CORUÑA



non participase na ronda seguinte ou ben que confirmara a súa inscrición e non participe.

**Art.8)** Se nalgunha das probas nas que está previsto realizar series clasificatorias, non se presentaran a confirmar o número mínimo preciso para a súa realización, suspenderase a celebración das mesmas e disputarase a seguinte fase á hora prevista.

**Art.9)** En tódalas carreiras, a confección de series realizarase en función dos rexistros que posúan os atletas na presente tempada ou, no seu defecto, en relación á tempada anterior. Antes da saída, o xuíz da proba comunicará ós participantes o sistema de clasificación para a seguinte rolda caso de que a houbera.

**Art.10)** Cada atleta só poderá inscribirse nun máximo de 3 probas (incluído o relevo) cas seguintes limitacións de probas: dúas carreiras en que só unha de elas pode superar os 250m + concurso, tres concursos, ou unha carreira e dous concursos.

**Art. 11)** Horario provisional (publicarase o horario definitivo o mércores día 27 con as inscricións aceptadas)



# Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



MAÑÁN						
3.000 Marcha *	MULLERES	FINAL	11.00	MARTELO (4kg)	HOMES	FINAL
3.000 m	MULLERES	FINAL	11.30	ALTURA	MULLERES	FINAL
				LONXITUDE	HOMES	FINAL
3.000 m	HOMES	FINAL	11.50			
300 mv. (0,84)	HOMES	FINAIS A-B	12.05			
300 mv (0,762)	MULLERES	FINAIS A-B	12.20	PÉRTEGA	MULLERES	FINAL
			12.00	MARTELO (3kg)	MULLERES	FINAL
				PESO (4kg)	HOMES	FINAL
100 m	MULLERES	Semifinal	12.30			
100 m	HOMES	Semifinal	12.50	LONXITUDE	MULLERES	FINAL
1.500 Obstac.	H-M	FINAL	13.10	DISCO (1kg)	HOMES	FINAL
				PESO (3kg)	MULLERES	FINAL
1.000 m	MULLERES	FINAL	13.20			
1.000 m	HOMES	FINAL	13.27			
100 m	MULLERES	FINAL	13.35			
100 m	HOMES	FINAL	13.40			
300 m	MULLERES	Semifinal	13.50			
300 m	HOMES	Semifinal	14.05			
TARDE						
			16:45	DISCO (800g)	MULLERES	FINAL
				TRIPLE	MULLERES	FINAL
				ALTURA	HOMES	FINAL
100 m	HOMES	Decathlon	17:00	PÉRTIGA	HOMES	FINAL
100 v 0,91	HOMES	Semifinal	17.30			
100 v 0,762	MULLERES	Semifinal	17.45	LONXITUDE	HOMES	Dec
600 m	HOMES	FINAL A-B	18.05	XAVALINA (500g)	MULLERES	FINAL
600 m	MULLERES	FINAL A-B	18.15			
5000 Marcha *	HOMES C1	FINAL Cad	18.30	TRIPLE	HOMES	FINAL
5000 Marcha	H-M C5	JUV-JN-PR		Peso	HOMES	Dec
100 v 0,762	MULLERES	FINAL	19.10	XAVALINA (600g)	HOMES	FINAL
100 v	HOMES	FINAL	19.15	Altura	HOMES	Dec
300 m	HOMES	FINAL	19.30			
300 m	MULLERES	FINAL	19.35			
4 x 100	MULLERES	FINAL	19.45			
4 x 100	HOMES	FINAL	19.55			
400 m	HOMES	Decathlon	*			

- PIT LANE para las pruebas de categoría Cadete
- En la prueba de 5000 Marcha Cadete el Pit Lane se colocará en las calles 3 y 4

### HORARIO LÍMITE SAÍDA PISTA (deberán presentar DNI ou calquer documento con foto)

Carreiras	10 m. antes hora oficial da proba	
Carreiras valadas	15 m.	“
Concursos (agás pértega)	30 m.	“
Pértega	45 m.	“



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



### Art.12) Marcas Mínimas realizadas na temporada actual

HOMES		MULLERES	
Proba	Marca	Proba	Marca
100	13.30	100	13.90
300	43.90	300	47.80
600	1.53.24	600	2.05.0
1000	3.05.0	1000	3.38.0
3000	11.30.0	3000	12.45.0
1500 obst.	6.00.0	1500 obst.	s/m
3 km. Marcha	20.00	3 km. marcha	22.00
5km Marcha	33.00		
100 m.v.	20.00	100 m.v.	20.04
300 m.v.	55.14	300 m.v.	57.14
Altura	1.55	Altura	1.30
Lonxitude	4.85	Lonxitude	4.30
Triple salto	11.00	Triple salto	8.80
Pértega	2.20	Pértega	2.00
Peso 4 kg	10.00	Peso 3 kg	8.00
Disco 1 kg	30.00	Disco 800 g	24.00
Martelo 4 kg	21.00	Martelo 3 kg	19.00
Xavalina 600 g.	20.00	Xavalina 500 g.	17.00

### Art.13) Cadencia das alturas (publicarase o mércores 27 de maio coas inscricións)

**Art.14)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA ([direcciontecnica@fgatletismo.com](mailto:direcciontecnica@fgatletismo.com)) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, puidendo ser esta denegada.

**Art.15)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, coas normas da FG.A., R.F.E.A. e I.A.A.F.

Victor Arufe Giraldez  
Secretario Xeral da FGA  
(Asdo. no Orixinal)  
A Coruña, a 14 de maio de 2015